




CAMPAMENTO  
GOZA E  
APRENDE

2021



A.D.C. AS MARIÑAS



AS MARIÑAS E A ANPA BIDUEIRO

actividades@anpabidueiro.es

681002182

## ÍNDICE



INTRODUCCIÓN.....	2
PROGRAMACIÓN.....	3
CONDICIÓN XERAIS E REQUISITOS DE ADMISIÓN.....	5
DATAS DE ENTREGA E PREZOS .....	7



## INTRODUCCIÓN

Un ano máis animámosvos a participar no campamento de verán **GOZA E APRENDE** que organiza a Asociación Deportiva As Mariñas xunto coa ANPA Bidueiro durante a última semana de xuño, a segunda e cuarta semana do mes de xullo; e a primeira do mes de agosto no CEIP Isidro Parga Pondal. Durante este mes tentaremos encher o tempo libre dos rapaces e rapazas da forma máis proveitosa e divertida. O campamento está dirixido a todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria. Para iso temos preparadas: excursións, saídas á praia e ao monte, actividades artísticas, lúdicas, deportivas, teatrais e actividades en lingua inglesa procurando manter sempre un equilibrio entre a diversión e a aprendizaxe.

Unha das nosas intencións para ofertar este recurso de conciliación para as familias e de educación no formal para o tempo de ocio dos nosos cativos, é que lles permita beneficiarse, coas máximas garantías de prevención e hixiene, dun espazo de ocio educativo.

A hora de entrada será ás 9 da mañá de luns a venres aínda que a partir das 8:00h. haberá un servizo de madrugadores. A saída será ás 14:00h. agás para quen utilice o servizo de comedor que poderán estar ata as 16:00h.

*\*No caso de que a situación sanitaria sexa desfavorable, non dispoñamos das instalacións do centro ou non teñamos o nº mínimo de alumnado, non se realizará o campamento. Nese caso contactaremos coas familias para informalas o 31 de maio ou o 1 de xuño do 2021.*



## PROGRAMACIÓN

O noso fin principal é favorecer a participación social, a diversión, a formación, o aprendizaxe de valores, o descanso da educación formal e as relacións das persoas participantes.

A programación do campamento se realizará en base ao número de alumnos/as, as idades e o tempo atmosférico. Máis adiante se facilitará a programación final, cando teñamos toda a información que se require. Como aproximación as temáticas podemos adiantar que as actividades que se realizarán variarán de acordo as especialidades do monitorado, pero sempre estarán as citadas na introdución. Sempre haberá un/unha especialista de inglés e outros dous monitores, ampliables cunha ratio de 8 a 12 alumnos/as por monitor/a. Desta maneira procederemos realizando circuitos nas actividades ao dividir os grupos por idades e monitor. Esta metodoloxía nos permite adaptar as dinámicas ás necesidades dos cativos/as. Un exemplo do horario dun destes grupos homoxéneos podería ser o seguinte:

Exemplo horario			
Horario	09:30-11:30	11:30-12:45	12:45-14:00
Luns	Praia+merenda	Horta	Xogos
Martes	Sendeirismo+merenda	Reciclaxe	Inglés
Mércores	Praia+merenda	Orientación	Teatro
Xoves	Sendeirismo+merenda	Manualidades	Inglés
Venres	EXCURSIÓN		



A.D.C. AS MARIÑAS

AS MARIÑAS E A ANPA BIDUEIRO

actividades@anpabidueiro.es

681002182



As excursións se planificarán de acordo o número de alumnos/as, sempre respectando as medidas de protección contra o Covid-19. Ademais, tratarase de realizar as seguintes actividades lúdicas: taller de ciencia, de plantación e horta, gymkanas, procuras do tesouro, animacións infantís, xogos de relevos, Mini Máster Chef... Tamén se fomentará deportes como: bádminton, fútbol sala, baloncesto, multideporte, slackline ou o ultimate frisbee. Sen esquecerse dos talleres artísticos: taller de Slime, experimentos para nenas/os, manualidades infantís, xogos de baile e expresión, coreografías, taller de globoflexia ou pintacaras. Nos xogos de campo se primarán os itinerarios de identificación de elementos naturais, cadernos da natureza, educación ambiental e o reciclado.



## CONDICIÓN XERAIS E REQUISITOS DE ADMISIÓN

- As inscricións poderanse facer para os seguintes períodos:
  - Semana do 28/06/2021 ao 04/07/2021.
  - Semana do 12/08/2021 ao 18/07/2021.
  - Semana do 26/07/2021 ao 01/08/2021.
  - Semana do 02/08/2021 ao 08/08/2021.
- Inscricións online a partir do 12 de maio ata o 30 de maio a través do formulario publicado en:  
<https://www.anpabidueiro.es/index.php/2021/05/12/campamentos-de-veran-2/>
- Ausencia de enfermidade e síntomas compatibles con Covid-19 (febre, tose, dificultade respiratoria, molestias, diarrea ...) ou calquera outro síntoma infeccioso. Non ter estado en estreito contacto con persoas con síntomas positivos ou compatibles confirmados nos 14 días anteriores ó inicio do campamento.
- A participación de nenos con patoloxías básicas previas, debe ser avaliada polo seu pediatra de xeito individual para determinar a idoneidade de participar no campamento, dado que son unha poboación de risco que pode sufrir maiores consecuencias en caso de contaxio. Nestes casos solicitaremos un informe médico.
- As nenas e nenos en situación de inmunodepresión (certificada polo seu pediatra) ou que vivan nun fogar cunha persoa inmunodepresiva non pode participar este ano no campamento dadas as extraordinarias circunstancias, evitando así riscos innecesarios.
- Insistirase na responsabilidade dos pais á hora de traer ós fillos. Neste sentido As Mariñas confía en que as familias cumpran coa súa obriga, en caso de que algunha familia incorra en algunha irresponsabilidade, As Mariñas non se pode facer responsable, xa que pola nosa parte executaremos todas as medidas indicadas polas



A.D.C. AS MARIÑAS

AS MARIÑAS E A ANPA BIDUEIRO


actividades@anpabidueiro.es

681002182



autoridades competentes.

- De igual xeito, a ANPA do CEIP Isidro Parga Pondal e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, non terán ningún tipo de responsabilidades, xa que non son organizadores deste evento, a ANPA só fará de enlace entre As Mariñas e as familias asociadas, e a Xunta só deixa as súas instalacións, deste xeito o nivel da súa implicación neste campamento é só de colaboración.



## DATAS DE ENTREGA E PREZOS

**Listaxe provisional:** 31 de maio na páxina web da ANPA.

**Reclamacións:** 31 de maio e a 01 de xuño de 14:00h. a 18:00h.

**Listaxe definitivo e nº de prazas vacantes** (no caso de que haxa): 02 de xuño.

**Ingreso de cartos:** do 2 ao 8 de xuño o 50%. O outro 50% antes do 28 de xuño .

TITULAR: ADC AS MARIÑAS

Nº Conta Banco Santander ES63 0238 8114 3906 0324 5156

**Prazas limitadas:** 72 usuarias/os

Respectarase a orde de inscrición e darase a seguinte preferencia:

1. Socias/os ANPA.
2. Alumnado do centro non asociado á ANPA.
3. Resto de solicitudes.

PREZOS					
Socio/a	Comedor	1 semana	2 semanas	3 semanas	4 semanas
<b>ANPA</b>	<b>Si</b>	110€	185€	255€	325€
	<b>NON</b>	85€	140€	180€	230€
<b>Non</b>	<b>Si</b>	125€	210€	320€	375€
	<b>NON</b>	100€	165€	235€	280€

\*15% desconto 2º irmán e seguintes

\*\*Inscricións posteriores ó 31 de maio veranse incrementadas nun 10%.





A.D.C. AS MARIÑAS

AS MARIÑAS E A ANPA BIDUEIRO

actividades@anpabidueiro.es

681002182



Grazas á colaboración coa ANPA Valle Inclán, no caso de querer participar as semanas do 05/07/2021 ao 11/07/2021 e do 19/07/2021 ao 25/07/2021 nos que non dispoñemos dos espazos do CEIP Isidro Parga Pondal para poder desenvolver o campamento, outórgase a posibilidade de participar no campamento que eles organizan mantendo os prezos de socios ANPA Bidueiro e os descontos do mesmo modo. Inscripción preferente antes do 21/05/2021.

Máis información en: [www.apavalleinclan.es/campamento-veran-xullo-2021/](http://www.apavalleinclan.es/campamento-veran-xullo-2021/)

Máis información en: [www.asmariñasadc.com/campamento-veran](http://www.asmariñasadc.com/campamento-veran)